

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE
GALICIA E O CONCELLO DE NEGREIRA PARA MELLORA E
ACONDICIONAMENTO DO CAMIÑO FISTERRA-MUXÍA AO SEU PASO POLO
CONCELLO DE NEGREIRA**

En Santiago de Compostela, 3 de outubro de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, **Dona María Nava Castro Domínguez**, directora de Turismo de Galicia, en virtude do nomeamento polo Decreto 34/2013 do 21 de febreiro e conforme as facultades que lle confire o artigo 5 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos que desconcentra na titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial.

Doutra parte, **Don Manuel Ángel Leis Míguez**, en nome e representación como Alcalde Presidente do Concello de Negreira, que actúa no seu nome e representación en virtude das atribucións que lle confiren a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e a Lei 5/1997 do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.



As partes, no nome e representación na que concorren recoñécense mutuamente capacidade legal suficiente para este acto, e a tal efecto,

EXPOÑEN

Primeiro.- O Camiño de Santiago é a ruta de peregrinación máis importante do Vello Continente, encontro de culturas e orixe da unidade de Europa.

O Consello de Europa, na súa declaración do 23 de Outubro de 1987, manifesta que a dimensión do humano da sociedade, as ideas de liberdade e de xustiza e a confianza no

progreso son principios que foron conformando historicamente as distintas culturas que integran a propia e peculiar identidade europea. Esa identidade cultural fíxose posible pola existencia dun espazo europeo cargado de memoria colectiva e cruzado por camiños capaces de superar as distancias, as fronteiras e as linguas. Que a fe que animou os peregrinos no curso da historia e que os xuntou nun alento común, por riba das diferenzas e dos intereses nacionais, nos impulse tamén nesta época, particularmente aos mozos, a seguir percorrendo estes camiños para acadar unha sociedade fundada na tolerancia, a liberdade e a solidariedade.



Segundo.- O Camiño de Fisterra-Muxía é o único trazado con orixe en Santiago e meta no cabo Fisterra, punto máis occidental de Europa ou no Santuario da Virxe da Barca de Negreira, dous lugares de gran simbolismo e vinculaciones xacobeas onde outrora situábase o fin do mundo coñecido. Na actualidade é un dos trazados que gañan máis peregrinos e ritos. O Camiño Santiago non sempre termina en Compostela. Desde a Idade Media foron moitos os peregrinos -algúns ilustres, como o erudito clérigo boloñés Doménico Laffi- que, alcanzada a meta apostólica, decidiron continuar travesía cara ao lugar que simbolizaba, ata o fin do Medievo, o último reducto da terra coñecida, a punta máis occidental da Europa continental, o tramo final dese itinerario mítico-simbólico que seguía o rastro marcado pola Vía Láctea e que tiña no actual Finisterre (antigo Finis Terrae) o seu recuncho máis extremo.

Terceiro.- Os artigos 193.1.b) e 195.h) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establecen que as entidades locais galegas e a Xunta de Galicia axeitarán a súa actuación ao principio de colaboración mediante a subscripción de convenios. A tal efecto, as partes intervenientes acordan unir os seus esforzos para acadar o obxectivo sinalado no presente convenio.

Cuarto.- O artigo 1 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, dispón que se crea a Axencia Turismo de Galicia como axencia pública autonómica, e terá como obxectivo impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a

promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade e a conservación e promoción dos camiños de Santiago.

O artigo 9 dos seus estatutos establece as funcións e competencias da Axencia para acadar os seus obxectivos, dispoñendo na súa alínea i) que lle corresponde “a dirección e coordinación das actuacións relacionadas coa posta en valor cultural e turístico do Camiño de Santiago, a súa promoción, a xestión da imaxe corporativa do Xacobeo e da rede de albergues, e o mantemento e conservación dos camiños e a súa sinalización, así como calquera outra acción que redunde en beneficio do Camiño de Santiago”.




Quinto.- Que a Axencia Turismo de Galicia e o concello de Negreira están interesados en colaborar co obxecto de recuperar e potenciar o Camiño de Fisterra-Muxía como recurso cultural, económico, turístico e de comunicación, realizando as actuacións necesarias de mellora e acondicionamento do seu trazado ao paso polo concello de Negreira. Concorren así, aos efectos do establecido nos artigos 19.4.c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1a) do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, razóns de interese público para o outorgamento da subvención. Así mesmo, dada a especialidade do obxecto do convenio, non procede a realización dunha convocatoria pública ao ser o concello de Negreira o único que pode realizar a actuación descrita no expoñendo anterior.

En consecuencia, ambas partes acordan subscribir o presente convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

É obxecto do presente convenio definir os termos de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o concello de Negreira para mellora e acondicionamento do Camiño Fisterra-Muxía ao seu paso polo concello de Negreira.



Segunda.- Orzamento e financiamento, e gastos subvencionables

O orzamento previsto para as actuacións descritas na cláusula primeira ascende a **58.705,16€** (IVE incluído), distribuídos do seguinte xeito:

- Execución material.....39.270,29
- 13% de gastos xerais.....5.105,14
- 6% de beneficio industrial.....2.356,22
- 21% IVE.....9.813,65
- Dirección de obra (IVE incluído).....1.570,81
- Coordinación seguridade e saúde (IVE incluído).....589,05

A Axencia Turismo de Galicia achegará a cantidade de 56.545,30€ para posibilitar a realización das actuacións.

A Axencia Turismo de Galicia procederá ao pagamento dos gastos correspondentes con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.760.0, código de proxecto 2015 00006, procedentes dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia a favor do concello unha vez que esta entidade presente a xustificación das actuacións realizadas.

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coa previsión de orzamento recollida na cláusula segunda e que se realicen no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2017 e o 15 de decembro de 2017. En ningún caso o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Terceira.- Compromisos das partes

a) A Axencia Turismo de Galicia comprométese a colaborar no financiamento do custe das actuacións previstas a través de realización dunha subvención por importe de 56.545,30€. Esta colaboración económica financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.760.0 dos orzamentos da Comunidade Autónoma Galega para o ano 2017. Esta achega da administración faise para compensar os custos nos que vai incorrer o concello no desenvolvemento das actuacións previstas, e unha vez que achegue a correspondente xustificación dos gastos efectuados.

b) O concello de Negreira queda obrigado á realización das referidas actuacións, comprometéndose a:

1. Levar a cabo as accións obxecto do convenio.
2. Supervisar as actuacións obxecto do convenio, así como a súa execución.
3. Solicitar os permisos e autorizacións pertinentes para a súa execución.
4. Incluír en toda a documentación e soportes da obra que se realice, que esta conta coa colaboración da Xunta de Galicia - Turismo de Galicia, así como a “Marca Turística de Galicia” regulada polo Decreto 121/2011, do 16 de xuño.
5. Colocar un cartel de obra no que conste de xeito visible a colaboración da Xunta de Galicia de acordo co previsto no punto 4.
6. Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de e control do destino do investimento.
7. Comunicar á Axencia Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta



comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.

8. Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

9. Reintegrar, total ou parcialmente, a axuda percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas no presente convenio.

10. Acreditar ante a Axencia Turismo de Galicia o cumprimento do deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais do último exercicio, conforme o indicado no artigo 4 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.



Cuarta.- Compatibilidade

De acordo co disposto no artigo 40.1, letra d) do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a achega económica prevista no presente convenio será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

En ningún caso o importe das subvencións as que se refire o parágrafo anterior poderá superar, no seu conxunto, o custe da actividade subvencionada, ao abeiro do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Quinta.- Subcontratación

Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, as actividades subvencionadas a través deste convenio, tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso quedan fóra da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incorrer o concello de Negreira para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria e, en ningún caso, suporá un aumento do custo da actividade subvencionada.

Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante o concello de Negreira, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. O organismo local será o responsable de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e esixiranlles ás/aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.

Os/as subcontratistas están obrigados/as a lles facilitar aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas.

En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

- a) Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007.
- b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
- c) Intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.

d) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, agás que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado e que se obteña a previa autorización de órgano concedente nos termos que se fixen nestas bases reguladoras.

Sexta.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as actuacións subvencionadas que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha directa nin subsidiaria á Axencia Turismo de Galicia.

Sétima.- Xustificación de fondos e pagamento

A xustificación dos fondos efectuarase segundo a modalidade de conta xustificativa de acordo co disposto no artigo 10 do Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, que deberá conter:

a) Certificación expedida pola Secretaría da entidade local, co visto e prace do/a alcalde/alcaldesa ou presidente/a, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, en que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

1º. O cumprimento da finalidade da subvención.

2º. Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, certificación de obra de se lo caso, importe data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. Non se esixe a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2.b) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

b) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, de se lo caso dos criterios de repartición dos custos xerais e/o indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a).

c) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

d) De ser o caso, os tres orzamentos que se requiren en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O concello deberá remitir a Axencia Turismo de Galicia calquera soporte que acredite a colocación do cartel de obra ao que se fai referencia na cláusula terceira.

Así mesmo de acordo co artigo 8 do dito Decreto 193/2011, de 6 de outubro, a conta xustificativa debe incluír a **certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas ás facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención.**

Asemade deberá indicarse un número de conta para o ingreso dos fondos e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.

Por outro lado, o concello deberá acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

A cantidade máxima que se obriga a aportar a Axencia reducirase só no caso de que a contía xustificada sexa inferior.

A comunicación relativa á obtención de outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención, deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou doutras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Á vista desta documentación, e unha vez realizada a comprobación material pola Área de Obras e Mantemento, o órgano competente da Axencia Turismo de Galicia, expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio e tramitará o seu pagamento.

Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que tivese incurso o concello, como consecuencia da realización de actuacións acordes co obxecto do convenio e que se teñan efectuado desde o **1 de xaneiro de 2017**.



No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas, o concello deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia.

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

A Axencia Turismo de Galicia resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do convenio.

Non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio,

e sempre que se xustifique o importe total do orzamento estimado para cada unha das actuacións.

O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención será desde a formalización do convenio ata o **15 de decembro de 2017**.

Oitava.- Pagamentos anticipados e a conta

Poderanse realizar pagamentos anticipados, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, por importe do 100%, de conformidade co disposto no artigo 6.3 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.



Así mesmo poderanse realizar pagamentos a conta conforme ao artigo 62 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para proceder ao seu pagamento, o concello deberá enviar a documentación xustificativa relacionada na cláusula sétima.

De conformidade co disposto no citado artigo 65.4.c) do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, o concello está **exonerado de constituír garantía** relativa aos pagos a conta e anticipos previstos nesta cláusula.

Novena.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio, da súa execución, ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos que poidan xurdir, créase unha Comisión de Seguimento para que, de mutuo acordo, resolva o procedente e que

estará integrada por dous representantes designados polo concello e dous representantes designados pola Axencia Turismo de Galicia.

As cuestións litixiosas xurdidas respecto da interpretación, modificación, resolución e efectos do convenio, serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Décima.- Modificacións do convenio


As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Décimo primeira.- Natureza xurídica e xurisdición competente



Este convenio ten natureza administrativa, e queda fora do ámbito do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, que os exclúe expresamente no apartado c) do parágrafo primeiro do artigo 4.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; o Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas; a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas en dereito administrativo aplicables ou, no seu defecto, polas derivadas do dereito privado.



As cuestións litixiosas que poidan xurdir coa interpretación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas pola Comisión de Seguimento do convenio, e en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia, cuxas resolucións poñen fin á vía administrativa e contra elas poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, segundo o disposto na Lei reguladora da dita xurisdición.

Décimo segunda.- Causas de resolución

Serán causas de resolución do presente convenio:

- O cumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.
- O transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.
- O acordo unánime dos asinantes.

Décimo terceira.- Publicidade do convenio

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en diante) comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Asemade procederase a inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Décimo cuarta.- Autorización e consentimento para que se publiquen os datos persoais e demais especificacións que figuran no convenio

As partes asinantes autorizan e consenten a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.


Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Décimo quinta.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura, terá vixencia ata o 31 de decembro de 2017

E, en proba de conformidade, e previa á súa lectura, ambas as dúas partes firman dous exemplares do presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

A directora de Turismo de Galicia



Mª Nava Castro Domínguez

O alcalde do concello de Negreira



Manuel Ángel Leis Míguez